

14065 LEI 16/1998, do 15 de xuño, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 5.647.019.074 pesetas, para atender o déficit de explotación das liñas de Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE), producido no exercicio 1995. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario está destinado a completa-lo déficit de explotación dos Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE) do exercicio 1995, na medida que o citado déficit é superior ás subvencións de explotación percibidas pola entidade durante o dito exercicio.

O Decreto 584/1974, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto de Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE), no título VI do Estatuto regula o réxime financeiro da compañía, establecendo o artigo 58 que, se o final do exercicio fose innecesaria a aplicación da totalidade dos créditos consignados no orzamento do Estado destinados a esta entidade, reintegrarase a diferenza ó Tesouro. Se, pola contra, os créditos resultasen insuficientes segundo a liquidación de explotación, o Goberno xestionará o oportuno expediente de suplemento de crédito.

Xa que logo, co obxecto de completa-lo déficit de explotación do exercicio 1995, tramítase o presente crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédese un crédito extraordinario, por importe de 5.647.019.074 pesetas, á sección 17 "Ministerio de Fomento", servizo 20 "Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes", programa 513.B "Subvencións e apoio ó transporte terrestre", capítulo 4 "Transferencias correntes", artigo 44 "A empresas públicas e outros entes públicos", concepto 446 "A FEVE en compensación do déficit de explotación correspondente ó exercicio 1995".

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario ó que se refire o artigo anterior financiarase con Débeda Pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

14066 LEI 17/1998, do 15 de xuño, pola que se conceden créditos extraordinarios polo importe total de 20.425.257.360 pesetas, para atender compensacións de taxas universitarias e outros gastos do Ministerio de Educación e Cultura. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo co establecido no artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, con cargo ós créditos de cada orzamento só se poderán contraer obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realizan no ano natural do propio exercicio orzamentario. Neste artigo, ademais, establécense os requisitos para que, en determinadas circunstancias, se imputen ó orzamento dun exercicio obrigacións xeradas en exercicios anteriores.

No Ministerio de Educación e Cultura cómpre atender ó pagamento de diversas obrigacións procedentes de exercicios anteriores que están pendentes de imputar orzamentariamente e que non poden ser aplicadas ó exercicio corrente por non concorreren nelas os requisitos a que fai referencia o citado artigo 63. As ditas obrigacións derivan de compensacións ás universidades por exención de taxas académicas, polo importe de 7.674.135.583 pesetas, e por redución de taxas académicas a familias numerosas con tres fillos, polo importe de 7.000.000.000 pesetas, correspondentes a cursos anteriores; de débedas coa Seguridade Social en concepto de cotas do seguro escolar, polo importe de 2.534.154.436 pesetas; de investimentos universitarios realizados pola Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia, polo importe de 2.073.614.342 pesetas; de gastos de traslados de persoal ó exterior, polo importe de 908.539.255 pesetas, e, en fin, por outros gastos diversos polo importe de 234.813.744 pesetas.

Dado que as citadas obrigacións no poden ser imputadas ó exercicio corrente, que o seu pagamento non se pode adiar polo correspondente prexuízo que supón para os terceiros acredores e que a propia disciplina orzamentaria esixe que non se demore a súa aplicación a orzamento, tense de dicta-la oportuna norma con categoría de lei para dota-la cobertura crediticia necesaria para a súa cancelación.

Artigo 1.

Para atender obrigacións de exercicios anteriores concédense créditos extraordinarios polo importe de 20.410.443.616 pesetas, no vixente orzamento da sección 18 "Ministerio de Educación e Cultura", coa desagregación que se recolle no anexo I.

Artigo 2.

Para atender obrigacións de exercicios anteriores concédense créditos extraordinarios ó orzamento en vigor

dos organismos autónomos 18.102 "Biblioteca Nacional" e 18.109 "Museo Nacional de El Prado", polos importes de 14.043.627 pesetas e 770.117 pesetas respectivamente, coa desagregación que se recolle nos anexos II e III.

Artigo 3.

Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 1 financiaranse con Débeda Pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 2 financiaranse con remanente de Tesourería segundo se recolle nos anexos II e III.

Disposición adicional única.

Nos cursos 1998-1999 e seguintes, o Goberno preverá nos orzamentos xerais do Estado para 1999 e seguintes, as correspondentes partidas orzamentarias para compensar as universidades públicas pola perda de ingresos derivados da redución de taxas universitarias ás familias con tres fillos a causa da súa consideración como familias numerosas.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I

Concesión de créditos extraordinarios

SERVICIO 04: DIRECCIÓN XERAL DE PROGRAMACIÓN ECONÓMICA E CONTROL ORZAMENTARIO

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Transferencias entre subsectores		
Artigo 71	A Organismos autónomos administrativos.	
Concepto 719	Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia, para atender obrigacións de exercicios anteriores	2.073.614.342

SERVICIO 05: DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL E SERVICIOS

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 422.I	«Educación no exterior».	
Artigo 29	Obrigacións de exercicios anteriores.	
Concepto 297	Indemnizacións por razón do servico.	
02 Traslado		908.539.255

SERVICIO 07: DIRECCIÓN XERAL DE ENSINO SUPERIOR

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 422.D	«Ensinanzas universitarias».	
Artigo 44	A empresas públicas e outros entes públicos.	
Concepto 449	Achega complementaria ás universidades para o desenvolvemento do programa comunitario Erasmus, curso 1996-1997	220.000.000

SERVICIO 11: DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E PROMOCIÓN EDUCATIVA

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 423.A	«Bolsas e axudas para estudantes».	
Artigo 48	A familias e institucións sen fins de lucro.	
Concepto 489	A familias e institucións sen fins de lucro.	
00. Compensación de taxas universitarias correspondentes ó curso 1995-1996.		7.674.135.583

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 423.A	«Bolsas e axudas para estudantes».	
Artigo 48	A familias e institucións sen fins de lucro.	

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Concepto 489	A familias e institucións sen fins de lucro. 02. Compensación ás universidades públicas pola diminución de ingresos producida pola aplicación da disposición derradeira cuarta da Lei 42/1994, do 30 de decembro, logo de xustificación do dereito individual de cada beneficiario	7.000.000.000

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 423.B	«Servicios complementarios do ensino».	
Artigo 48	A familias e institucións sen fins de lucro.	
Concepto 489	A familias e institucións sen fins de lucro. 01. Cotas de seguro escolar desde decembro de 1993 a decembro de 1996, inclusive	2.534.154.436
Total créditos extraordinarios		20.410.443.616

Repercusión no organismo autónomo 18.103 "Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia"

Orzamento de ingresos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 70	Da Administración do Estado.	
Concepto 709	Do Ministerio de Educación e Cultura ...	2.073.614.342
Total ingresos		2.073.614.342

Orzamento de gastos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 422.D	«Ensinanzas universitarias».	
Artigo 69	Obrigacións de exercicios anteriores.	
Concepto 692	Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos	660.008.429
Concepto 693	Investimento de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos	1.413.605.913
Total gastos		2.073.614.342

ANEXO II

Concesión de créditos extraordinarios

ORGANISMO 102: BIBLIOTECA NACIONAL

Orzamento de gastos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 452.B	«Bibliotecas».	
Artigo 29	Obrigacións de exercicios anteriores.	
Concepto 292	Subministracións e material: 00. Enerxía eléctrica	9.005.336
	03. Combustible ...	4.647.168
Concepto 297	Indemnizacións por razón do servizo: 00. Axudas de custos	128.086
	01. Locomoción ...	263.037
Total		14.043.627

Financiamento dos créditos extraordinarios

Orzamento de ingresos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 87	Remanente de tesorería.	
Concepto 870	Remanente de tesorería	14.043.627
Total		14.043.627

ANEXO III

Concesión de crédito extraordinario

ORGANISMO 109: MUSEO NACIONAL DE EL PRADO

Orzamento de gastos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 453.A Concepto 297	«Museos». Indemnización por razón do servicio: 01. Locomoción ...	770.117
Total		770.117

Financiamento do crédito extraordinario

Orzamento de ingresos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 87 Concepto 870	Remanente de tesorería. Remanente de tesorería	770.117
Total		770.117

14067 LEI 18/1998, do 15 de xuño, de modificación parcial da Lei 36/1994, do 23 de decembro, relativa á restitución de bens culturais que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro da Unión Europea. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

A Lei 36/1994, do 23 de decembro, incorporou o ordenamento xurídico español a Directiva 93/7/CEE, do Consello, do 15 de marzo, relativa á restitución de bens culturais que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro da Unión Europea.

A presente lei vén modificar de forma parcial a citada Lei 36/1994, do 23 de decembro, ó incorporar, así mesmo, a Directiva 96/100/CEE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de febreiro de 1997, que modifica pola súa vez o anexo da Directiva 93/7/CEE.

Segundo as diferentes tradicións artísticas na Comunidade, os cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis considéranse ou ben pinturas, ou ben debuxos.

A categoría 4.^a de bens culturais, recollida no artigo 1.1.b) A da Lei 36/1994, do 23 de decembro, inclúe

os debuxos feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e con calquera material. Pola súa vez, a categoría 3.^a inclúe os cadros e pinturas feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e con calquera material.

Pola súa banda, o apartado B do citado artigo, ó regular os valores mínimos aplicables ás categorías incluídas no apartado A, outórgalles diferentes valores ás ditas dúas categorías de bens culturais, o cal pode dar lugar a importantes diferencias de trato no marco do mercado interior, para os cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis, segundo o Estado membro no que se atopen.

Todo isto fai preciso, para efectos prácticos, decidir en qué categoría deben incluírse os citados bens culturais, para garantir unha aplicación uniforme dos valores mínimos en toda a Comunidade.

A experiencia pon de manifesto que os prezos dos cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis son máis elevados cós dos debuxos, pero claramente inferiores ós das pinturas ó óleo ou á témpera, polo que convén clasificar os cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis nunha nova categoría distinta cun valor mínimo de 30.000 ecus, co que se garantiría que as obras máis importantes que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro poidan restituírse.

A presente disposición vén incorporar o dereito interno o contido da Directiva, mediante a modificación do artigo 1, número 1, letra b), da Lei 36/1994, do 23 de decembro, nos seus apartados A e B, dando outro contido á definición da categoría 3.^a de bens culturais, coa inclusión dunha nova como 3.^a bis, e engadíndolle outro valor mínimo de aplicación a esta última, ós xa existentes.

Artigo primeiro.

Modifícase o apartado A da letra b) do número 1 do artigo 1 da Lei 36/1994, do 23 de decembro, nos seguintes termos:

1. A categoría 3.^a do apartado A do epígrafe 1.b) queda redactada como segue:

«3.^a Cadros e pinturas, distintos dos comprendidos nas categorías 3.^a bis ou 4.^a, feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e de calquera material.»

2. Engádese no apartado A a categoría seguinte:
«3.^a bis. Acuarelas, augadas e pasteis feitos totalmente á man, sobre calquera tipo de soporte.»

3. A categoría 4.^a queda redactada como segue:
«4.^a Mosaicos, distintos dos comprendidos nas categorías 1.^a ou 2.^a, realizados totalmente á man, de calquera material, e debuxos feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e de calquera material.»

Artigo segundo.

No apartado B da letra b) do número 1 do artigo 1 da Lei 36/1994, do 23 de decembro, engádese o valor mínimo e categoría seguinte:

«30.000.

3.^a bis (acuarelas, augadas e pasteis).»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ